

CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E O CONCELLO DE VIVEIRO PARA OBRAS DE CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DO TEATRO PASTOR DÍAZ .

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude,

DECLARA:

Que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude asinou o pasado 14 de agosto de 2026 un convenio co Concello de Viveiro, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2027.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e o Concello de Viveiro para executar obras de conservación e mantemento no Teatro Pastor Díaz.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización desta actividade. O Concello de Viveiro pretende executar obras de conservación e mantemento no Teatro Pastor Díaz. O Teatro Pastor Díaz constitúe un dos principais referentes culturais, patrimoniais e arquitectónicos da vila de Viveiro. A súa historia remóntase á primeira metade do século XX. Ao longo do século XX este teatro acolleu unha ampla variedade de usos culturais e sociais, representacións teatrais, proxeccións de cine mudo, concertos, etc. Converténdose nun elemento vertebrador da vida cultural e lúdica de Viveiro. O edificio posúe unha estrutura en planta trapezoidal, e conta cun aforamento de 393 butacas distribuídas nunha superficie útil de aproximadamente 658 m². Destaca pola súa boa acústica, pola integración co tecido urbano histórico e pola calidade formal e decorativa dos seus espazos interiores. Especial mención merecen os elementos artísticos que decoran o interior do teatro, nomeadamente as pinturas do teito e do friso superior do escenario, onde se representan as figuras de Rosalía de Castro e Nicomedes Pastor Díaz, en homenaxe á literatura galega. O estado actual do Teatro Pastor Díaz evidencia a necesidade de acometer unha serie de actuacións de conservación e mantemento que permitan frear o deterioro progresivo que afecta ao inmobile; unha serie de actuacións



puntuais, pero estratexicamente distribuídas, para preservar a funcionalidade e integridade arquitectónica do teatro, garantindo as condicións de seguridade, salubridade, habitabilidade e conservación, sen alterar os seus valores formais nin culturais.

Por todo o anterior, o concello de Viveiro é o que posúe a especificidade como beneficiario así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida, sendo esta actividade con estas especiais características, a única que se vai desenvolver na nosa Comunidade Autónoma.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria

